



GOBIERNO CIVIL
DE
ORENSE

- 1 -

5/a

Jurado P. de Montes en Mano Común



En sesión celebrada en la fecha que se indica, se adoptó el siguiente

A C U E R D O

En la Ciudad de Orense, a veintiocho de febrero de 1.977.----

Visto, en el día de la fecha, por el Jurado Provincial de Montes en Mano Común, con asistencia de los señores que constan en acta, el presente expediente de clasificación de los montes denominados: MONTE CHATRAS-----

tramitado a instancia de la Administración Forestal, como perteneciente en régimen de comunidad germánica a los vecinos de LA DERRASA (P^a de S. Juan de Moreiras), SANTA MARTA, CASMARTIÑO, CASPIÑON, OUTEIRO, BOEIRO (P^a de Sta. Marta de Moreiras), CEBREIROS (P^a de S. Ciprian), CORTIÑAS, PE- (1

RESULTANDO: Que por los Servicios de Investigación Forestal se confeccionó la carpeta-ficha de los montes objeto de este expediente, conteniendo el croquis "mosaico" de fotografías aéreas, la situación jurídico-administrativa, con un estudio histórico de la evolución de la propiedad colectiva vecinal, estado de los montes en relación al Catálogo, Inventario y Registro de la Propiedad y la posición de la Administración Municipal, situación de hecho, para llegar a la conclusión de que tales montes son claramente definibles como montes vecinales en mano común, porque la posesión vecinal es pacífica y no interrumpida, desde tiempo inmemorial, en concepto de dueños, porque tienen una procedencia foral, porque la propiedad ha permanecido indivisa y los aprovechamientos vienen siendo mancomunados, ligados a la condición de vecinos de sus beneficiarios, sin fijación de cuotas específicas; porque el Ayuntamiento presta aquiescencia a la posible calificación de vecinales en mano común.

RESULTANDO: Que en sesión del Jurado Provincial, de fecha 14 de enero de 1.975 -----se acordó iniciar expediente para la clasificación de los montes de referencia, designando como instructor a Don Nemesio Barja Alvarez, Vocal Letrado ----- quien aceptó el cargo y procedió a su tramitación, librándose mandamiento para la anotación preventiva en el Registro de la Propiedad del Partido; también se acordó oír a todas las personas, organismos y corporaciones interesados, librándose comunicaciones a tal fin, dirigidas al Sr. Alcalde del Término municipal; Presidente de la Junta de Comunidad o Alcalde Pedáneo, Presidente de la Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos, Diputación Provincial y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., publicándose edictos en el Boletín Oficial de la Provincia y en el Tablón de Anuncios del Ayuntamiento.

(1) REIRO DE ALLEN y VELAR (P^a de San Salvador de Pexigueiro), en el municipio de Pereiro de Aguiar.-----

RESULTANDO: Que en la tramitación del presente expediente se han cumplido las formalidades legales, especialmente cuanto dispone la Ley de Montes en Mano Común, de 27 de julio de 1968, y el Reglamento para su aplicación, de 26 de febrero de 1970, así como lo establecido en la Ley de Procedimiento Administrativo, de 17 de julio de 1958.

VISTOS, los preceptos citados y demás disposiciones de general aplicación.

CONSIDERANDO: Que el Jurado Provincial de Montes en Mano Común tiene jurisdicción y competencia para conocer del presente expediente de clasificación de los montes que tengan tal carácter, a tenor de lo dispuesto en el art.º 10 de la Ley citada y el art.º 10 de su reglamento.

CONSIDERANDO: Que la Administración Forestal es parte legítima para solicitar la iniciación del presente expediente de clasificación de los montes como vecinales en régimen de comunidad germánica o mano común, como así lo reconoce el art.º 11 de la citada Ley de Montes en Mano Común.

CONSIDERANDO: Que el tipo de comunidad germánica que instituye la Ley de Montes en Mano Común, inspirada en el reconocimiento que de esta comunidad ha hecho el Tribunal Supremo, entre otras, en las Sentencias de 22 de diciembre de 1926, 28 de diciembre de 1957, 30 de septiembre de 1958 y muy especialmente en la de 2 de febrero de 1965, tiene como características esenciales las siguientes: 1.ª).- Los condóminos están unidos por vínculos personales de vecindad, agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos o barrios; no constituidos formalmente en Entidades Municipales. 2.ª).- Que, por tanto, el número de titulares es variable e indeterminado. 3.ª).- Que el patrimonio colectivo sea utilizado y aprovechado por la cualidad de miembro de la agrupación vecinal, faltando la idea de cuota en el sentido jurídico romano. 4.ª).- Que el patrimonio y la participación es inalienable e intransferible y se pierde al perder la cualidad de vecino. 5.ª).- La comunidad es insoluble, los comuneros no pueden pedir ni ejercitar la "actio communi dividundo".

CONSIDERANDO: Que el monte denominado MONTE CHAIRAS tiene idénticas características que las anteriormente descritas para la propiedad colectiva de tipo germánico o en mano común y ha venido siendo poseído quieta, pacífica e ininterrumpidamente desde tiempo inmemorial por los vecinos de La Derrasa, Santa Marta, Casmartillo, Caspiñón, Outeiro, Doeiros, Cebreiros, Cortiñas, Pereiro de Alén y Vilar, los que han aprovechado los productos naturales en forma consuetudinaria, coincidiendo las aspiraciones de la comunidad vecinal sobre el futuro del monte con los objetivos de la Ley de montes vecinales en mano común para que llegue a documentarse correctamente a favor de la comunidad y adquiriendo personalidad jurídica para intervenir en todo lo relacionado con el monte; el cual se encuentra perfectamente identificado tanto en su extensión como situación y linderos, así como descripción perimetral, obrante en autos.----

CONSIDERANDO: Que frente a la petición de clasificación deducida por los vecinos se alza la oposición expresa del Ayuntamiento de Pereiro de Aguiar considerando dicho monte como bien propio y su inscripción en el Registro de la Propiedad como tal se hace preciso razonar: 1.º. que la afirmación de la Alcaldía se encuentra en contradicción con sus propios actos como son, ~~tal es como~~ el informe del Secretario de fecha 15 de junio de 1.973 en el sentido de que ese monte "no se halla jurídicamente clasificado"; los oficios que en fechas 27 de marzo de 1.968 y 16 de febrero de 1.972 dirige el Sr. Alcalde del Pereiro al Excmo. Sr. Gobernador Civil en el sentido de que no puede procederse a la inscripción registral de los montes del municipio en tanto no se clarifique su pertenencia de acuerdo con la Ley de Montes vecinales, cuya "clasificación" debió de

influir en los términos jurisdiccionales de la futura inscripción registral.- 2º. La certificación de 5 de Julio de 1.898.- 3º. La Certificación del Archivo Histórico-provincial.- 4º. El Catálogo de Montes de Utilidad Pública.- 5º. Y si se tramitó expediente para su calificación como pro de por el Ayuntamiento es de notar que por las mismas fechas -agosto de 1.973- la comunidad vecinal tenía solicitado de ese Jurado su clasificación, y que si los campesinos no suelen leer los edictos al menos el B.O. muchó menos lo efectúan en el verano por ser época de trabajos mas intensos.- 6º. Que ese expediente no puede sustituir, ni impedir ni primar sobre el acuerdo de este Jurado.- 7º. La existencia de ese antiguo documento que recoge la titularidad del monte.

EL JURADO PROVINCIAL DE MONTES EN MANO COMUN, a la vista de los antecedentes y fundamentos de derecho expuestos, ACUERDA: CLASIFICAR el monte denominado MONTE CENIRAS, con una extensión superficial de doscientas veintiocho has. noventa y ocho áreas (228'98 has.) , cuyos linderos son: N., fincas particulares y carretera de los Gonzos a Parada de Sil; E., fincas particulares y camino de Belmonte a la carretera de Ferreiro; S., fincas particulares; y O., carretera N-120, carretera a Parada de Sil, Rio Loba, Embalse de Cachamuiña y fincas particulares; perfectamente enjoiado y cuyos titulares de las fincas particulares constan en el expediente; como vecinal en mano común perteneciente en régimen de comunidad germánica a los vecinos de LA DERRASA (1ª S. Juan de Moreira), SANTA MARTA, CASMARTIÑO, CASUEIRO, OUREIRO, BOBEROS (1ª Sta. Marta de Moreira), CEBREIROS (1ª S. Ciprian), COUEIRAS, PEREIRO DE ALLEN y VILAR (1ª S. Salvador de Peniqueiro), en el municipio de Pereiro de Aguiar. Incluyase en la relación de montes vecinales del citado Ayuntamiento. -----

Notifíquese esta resolución al Sr. Alcalde, Presidente o Representante de la Comunidad y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., a los que se les hará saber que contra esta resolución pueden interponer el recurso contencioso-administrativo, ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña, en el plazo de DOS MESES, previo el de reposición ante este Jurado Provincial, en el plazo de UN MES, a partir del día siguiente a su notificación.



Sr.

CLAVE DEL MONTE

Prov. *	Munic. *	Comunidad Prop. *	N.º monte
OR	59	(2.2;6.2;8.1;8.2) (8.3;8.8;8.13; (9.2;9.4;9.8)	- 1

Ref. Índice

3.3

0.- Embalse de Cachamuña en el río Loña y fincas particulares de Vilar.

3.4

DESCRIPCION DEL PERIMETRO.


El perímetro del monte "CHAIRAS" sigue por todos los aires el cierre de las fincas particulares, según el detalle de 3.3, salvo por el S.O. que llega en las proximidades de Puente de Los Gozos a la carretera de Orense-Pongerrada y al mismo embalse de Cachamuña.

3.5

OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES.

El límite del monte "CHAIRAS" con fincas particulares no pueda ser muy preciso si se tiene en cuenta que algunas de éstas han invadido terrenos de monte que han sido parcelados. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al monte de referencia.

En caso de que este monte llegara a ser calificado como vecinal en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.



OR 59 226.28.123813.924.8 1

IV7103332

02/2025



MARÍA TERESA FERNÁNDEZ CARRERA
Notario
 Xaquín Lorenzo "Xocas" nº 1, 1º- local 7
 (Parque de San Lázaro) 32003 OURENSE
 Tel. 988 39 10 15 Fax. 988 39 19 89

NÚMERO DOUS MIL CENTO QUINCE -----

CESIÓN DE DEREITO DE USO GRATUITA.-----

EN OURENSE, a miña residencia, a dezaséis de outubro
 de dous mil vinte e cinco. -----

Perante min, **MARÍA TERESA FERNÁNDEZ
 CARRERA**, Notario do Ilustre Colexio de Galicia, actuando en
 quenda de repartición, -----

----- **COMPARECEN:** -----

Dunha parte:-----

DON EMILIO PATO DOPAZO, casado, xubilado,
 veciño do concello de O Pereiro de Aguiar, provincia de
 Ourense, con domicilio no lugar de Cebreiros, número 148 (C.P.
 32793). Titular do D.N.I. número 34905227J. -----

Doutra parte: -----

DONA DESI REY GONZÁLEZ, maior de idade, xefa de
 sección da Subdirección Xeral do Patrimonio, da Consellería de
 Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia; titular do
 D.N.I. número 34957850N. -----

Non se consignan as súas circunstancias persoais por
 estar exceptuado conforme ao Regulamento Notarial. -----

Identifico aos comparecentes polos seus documentos de identidade que me exhiben e **INTERVEÑEN**, a saber: -----

a) O primeiro, señor Pato Dopazo, en representación, como **PRESIDENTE DA XUNTA REITORA de la COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE A DERRASA, SANTA MARTA, CASMARTIÑO, CASPIÑÓN, O OUTEIRO, BOEIROS, CEBREIROS, CORTIÑAS, O PEREIRO DE ALÉN E VILAR**, propietaria do monte en man común denominado “CHAIRAS”, con domicilio no lugar de Cebreiros, número 148, concello de O Pereiro de Aguiar, provincia de Ourense (C.P. 32793); titular do N.I.F. número **V32241606**.-----

Foi constituída o día vinte e oito de febreiro de mil novecentos setenta e sete, e inscritos os seus estatutos no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, na mesma data.-----

O seu nomeamento para o expresado cargo resulta de acordos da Asemblea Xeral, inscritos no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común da Xunta de Galicia, en data dous de febreiro de dous mil vinte e cinco, segundo acredita con certificación de inscrición da Xunta Reitora asinada electrónicamente por don Pablo Rodríguez Vázquez, responsable da Sección provincial de Ourense do devandito Rexistro, en data dezasete de marzo de dous mil vinte e cinco, cuxa autenticidade

IV7103333

02/2025



foi comprobada por min, mediante o seu correspondente Código Seguro de Verificación (CVE: A5b3ZHVPavS7) e da que **fago traslado a papel para incorporar a esta escritura, e estímoo con facultades suficientes, ao meu xuízo, para esta escritura de cesión de dereito de uso gratuita.** -----

Áchase especialmente facultado para o presente outorgamento por acordo da asemblea xeral extraordinaria celebrada o día quince de outubro de dous mil vinte e dous, segundo resulta de certificación expedida en data dezanove de xuño de dous mil vinte e cinco, polo secretario don Henrique García Rodríguez, co visto e praxe do seu presidente, **que así mesmo me entregan para incorporar a esta escritura.** -----

O representante manifesta expresamente que non variaron ditas circunstancias (de denominación, forma, obxecto e domicilio) respecto dos que aparecen nos devanditos documentos.-----

Asegúrame que o seu cargo segue vixente e que subsiste a entidade que representa.-----

Eu, notario, fago constar expresamente que cumprín coa obrigaón de identificación do titular real que impón a Lei

10/2010, do 28 de abril, cuxo resultado consta en acta por min autorizada o día dezaséis de outubro de dous mil vinte e cinco, número 2.114 de protocolo, que teño á vista, manifestando non modificarse o contido da mesma, por non constar información previa na consulta realizada por min na “Base de Datos do Sistema Integrado de Xestión do Notariado”. -----

b).- A segunda, señora Rey González, no nome e representación da **COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**, con sede en Santiago de Compostela (A Coruña) “Edificio Administrativo San Caetano” (C.P. 15705); con C.I.F. número **S-1511001-H**. -----

Resulta facultada para a presente por delegación do director xeral da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, don José María Barreiro Díaz, segundo resulta de resolución asinada electrónicamente polo citado señor Barreiro Díaz en data dezaséis de setembro de dous mil vinte e catro, que teño á vista e cuxa autenticidade foi comprobada por min, mediante a seu correspondente Código Seguro de Verificación e da que **fago traslado a papel para incorporar a esta escritura**, cargo para o que éste foi nomeado mediante Decreto 84/2024, do 22 de Abril, publicado no D.O.G. número 81 o día vinte e catro de abril de dous mil vinte e catro, do que me exhiben reprodución electrónica, cuxa autenticidade foi comprobada por min, mediante a seu correspondente Código

IV7103334

02/2025



Seguro de Verificación e da que **fago traslado a papel para incorporar a esta escritura.** -----

E eu a Notario estimo que a comparecente ten, ao meu xuízo, facultades suficientes para o outorgamento da presente escritura de **cesión de dereito de uso gratuita.** -----

Manifesta a comparecente a plena vixencia das súas facultades representativas en exercicio das cales intervén. -----

Eu, notario, fago constar expresamente que aos efectos de dar cumprimento á obriga de identificación do titular real que impón a Lei 10/2010, de 28 de abril, a comparecente, señora Rey González, manifesta que a entidade que representa está exenta de identificar aos seus titulares reais ao abeiro do previsto no dito corpo legal. -----

Teñen, ao meu xuízo, segundo interveñen, capacidade bastante para formalizar a presente escritura de **CESIÓN DE DEREITO DE USO GRATUITA** e, na súa virtude, -----

-----**EXPOÑEN:**-----

I.- Que a “COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DA DERRASA, SANTA MARTA, CASMARTIÑO, CASPIÑÓN, O OUTEIRO, BOEIROS, CEBREIROS,

CORTIÑAS, O PEREIRO DE ALÉN E VILAR” é dona, en pleno dominio dos seguintes predios: -----

1).- **RÚSTICA**: **POLÍGONO**: 88. **PARCELA**: 589. Ao nomeamento de “CHAIRA”, sita no concello de O Pereiro de Aguiar, provincia de Ourense, de uso agrario, da superficie de cento dez mil setecentos once metros cadrados (**110.711 m²**). Linda: Norte, parcela 585, camiño e parcela 583; Sur, parcela 588 e camiños; Leste, parcela 583, parcela 550, parcela 530 e camiño; e Oeste, parcela 585, e camiños. Linda tamén por todos os seus aires co inmovible que ten asignada a referencia catastral DH1300200PG08G0001AW. -----

REFERENCIA CATASTRAL.- Con la referencia catastral 32059A088005890000OQ.-----

VALOR DE REFERENCIA A EFECTOS FISCAIS.- A instancia dos outorgantes, **protocolizo** na presente escritura Certificación catastral de valor de referencia obtida por min, a Notario, polos medios telemáticos habilitados para o efecto, da que resulta un valor desta leira de cento corenta mil catrocentos vinte e sete euros e cincuenta e cinco céntimos (€ 140.427,55). ---

2).- **RÚSTICA**: **POLÍGONO**: 99. **PARCELA**: 602. Ao nomeamento de “O RÍO”, sita no concello de O Pereiro de Aguiar, provincia de Ourense, de uso agrario (pastos) da superficie de catro mil trescentos dez metros cadrados (**4.310 m²**). Linda: Norte, estrada; Sur, Leste e Oeste, parcela 346. -----

IV7103335

02/2025



REFERENCIA CATASTRAL.- Con la referencia catastral 32059A099006020000OK. -----

VALOR DE REFERENCIA.- A instancia dos outorgantes, **protocolizo** na presente escritura Certificación catastral de valor de referencia obtida por min, a Notario, polos medios telemáticos habilitados para o efecto, da que resulta que para esta leira ***“Non existe valor de referencia”***.-----

CERTIFICACIÓNS CATASTRAIS. Eu, Notario, respecto dos predios descritos, solicitei, polos medios telemáticos habilitados para o efecto, as pertinentes certificacións catastrais, con anexo de lindeiros **que protocolizo coa presente**.-----

TÍTULO.- Adquirida en virtude de acordo adoptado en sesión celebrada o día vinte e oito de febreiro de mil novecentos setenta e sete polo Xurado Provincial de Montes en Man Común de Ourense, segundo resulta de resolución da mesma data, que me exhiben os comparecentes. -----

INSCRICIÓN.- Asegura o representante da Comunidade de Montes que as leiras obxecto desta escritura non están rexistradas no Rexistro da Propiedade.-----

INFORMACIÓN REXISTRAL.- De nota simple do

Rexistro da Propiedade obtido con data quince de outubro de dous mil vinte e cinco que eu a Notario **protocolizo**, resulta que as leiras descritas **non constan inmatriculadas**. -----

A descrición dos inmobles, a súa titularidade e a situación de cargas antes expresadas resultan das manifestacións realizadas polos señores comparecentes e das certificacións catastrais que se incorporan a esta escritura. -----

Non obstante o anterior, eu a Notario advirto aos outorgantes que a situación rexistral existente con anterioridade á presentación desta escritura no Rexistro da Propiedade prevalecerá sobre as manifestacións anteriores da parte transmitente. -----

Fago constar que, desde que recibín a información rexistral ata o momento en que autorizo esta escritura, non recibín do Rexistro da Propiedade comunicación algunha sobre os inmobles obxecto do contido negocial da presente. -----

CARGAS.- Manifesta o representante da Comunidade de Montes que os inmobles descritos están libres de cargas. -----

SITUACIÓN ARRENDATICIA.- O representante da Comunidade de Montes declara baixo pena de falsidade que os inmobles obxecto da presente escritura non están arrendados nin cedidos en aparcería e que non fixo uso nos seis anos anteriores á data, do dereito recoñecido no art. 26.1 da Lei de Arrendamentos Rústicos do 31 de decembro de 1.980. -----

IV7103336

02/2025



II.- Que a “COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DA DERRASA, SANTA MARTA, CASMARTIÑO, CASPIÑÓN, O OUTEIRO, BOEIROS, CEBREIROS, CORTIÑAS, O PEREIRO DE ALÉN E VILAR” é titular dos inmobles nos que se atopa o viveiro “Chaira”.-----

A Consellería do Medio Rural pretende ubicar no Monte Chaira as instalacións do viveiro forestal, actividades relacionadas coa investigación forestal e centro de divulgación de valores ambientais e forestais.-----

III.- Que segundo resulta de Informe sobre a Cesión de Terreos dun Monte Veciñal en Man Común, asinado electrónicamente polo xefe de área de montes veciñais don Pablo Rodríguez Vázquez, o día vinte e dous de maio de dous mil vinte e catro, co visto e prace do xefe do Servizo de Montes don Antonio Gómez Pacios, cuxa autenticidade foi comprobada por min, mediante a seu correspondente Código Seguro de Verificación e do que **fago traslado a papel para incorporar a esta escritura**, con data do trece de novembro de dous mil vinte e tres a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de da Derrasa, Santa Marta, Casmartiño, Caspiñón, O Outeiro, Boeiros,

Cebreiros, Cortiñas, O Pereiro de Alén e Vilar”, presentou un escrito no rexistro electrónico da Xunta de Galicia (nº 2023/2782000) dirixido á Xefatura Territorial do Medio Rural de Ourense, no que se comunica un acordo adoitado pola devandita comunidade relativo á cesión de terreos para acoller as instalacións do viveiro forestal da Chaira. -----

No citado informe faise constar que no devandito escrito da comunidade, reflíctese que a parcela obxecto de cesión está incluída dentro do Monte Veciñal en Man Común “Chairas”, pertencente á comunidade solicitante e que nel indícase tanto que a cesión se efectuará a título gratuito e por tempo indefinido, como as cláusulas que regulan a mencionada cesión. -----

IV.- Que segundo resulta de Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública relativa á cesión de uso á Comunidade Autónoma de Galicia por tempo indefinido, a título gratuito, sobre un inmovible de titularidade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común denominado "MONTE CHAIRAS" no concello de O Pereiro de Aguiar (Ourense), para a instalación do viveiro forestal de Chairas, con data do tres de abril de dous mil vinte e catro, a Consellería do Medio Rural solicitou á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio o inicio dun expediente de adquisición gratuita por tempo indefinido dun dereito de uso sobre 10,9 hectáreas, equivalentes a cento nove mil metros cadrados (**109.000 m²**), de

IV7103337

02/2025



terreo do Monte Veciñal en Man Común denominado "Monte Chairas" para regularizar a situación xurídica dunha ocupación autonómica, dado que, segundo se reseña en dita orde *"é pública e notoria a existencia dun viveiro forestal que leva alí implantado dende polo menos a creación do Patrimonio Forestal do Estado.."* e que afecta ás referencias catastrais 32059A088005890000OQ e 32059A099006020000OK. -----

Que na citada orde faise constar que con data do trinta de maio de dous mil vinte e catro, o Servizo de Investigación Patrimonial e Obras valorou a adquisición do dereito de uso pola contía de TRESCENTOS CINCUENTA E TRES MIL OITOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS E SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (€ 353.897,79). -----

V.- Que pola devandita orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, acórdouse a adquisición por parte da Comunidade Autónoma de Galicia dun dereito de uso a título gratuito e por tempo indefinido dunha superficie de terreo de 10,9 hectáreas, equivalentes a cento nove mil metros cadrados (**109.000 m²**), propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común "Monte Chairas". Os señores comparecentes

exhibenme a citada Orde da Consellería, asinada electrónicamente polo Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, don José María Barreiro Díaz, o día vinte e oito de agosto de dous mil vinte e catro, na que consta o do seguinte tenor literal:-----

1.- Acordar, nos termos establecidos no acordo adoptado a tales efectos pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común "Monte Chairas" con data do 15/10/2022, a adquisición por parte da Comunidade Autónoma de Galicia dun dereito de uso a título gratuito e por tempo indefinido dunha superficie de terreo de 10,9 ha propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común "Monte Chairas", que se describe como segue: Superficie de terreo de 10,9 ha no Monte Veciñal en Man Común "Monte Chairas" (afecta ás referencias catastrais 32059A0880058900000Q e 32059A0990060200000K), na que existe un viveiro forestal da Comunidade Autónoma de Galicia, que se localiza: -----

Polígono 88, Parcela 589, no lugar de Chaira, Concello de Pereiro de Aguiar. Estrema: norte co Polígono 88, Parcela 583 e Polígono 88, Parcela 585; leste con Polígono 88, Parcela 583, Polígono 88, Parcela 530 e Polígono 88, Parcela 550; e oeste con Polígono 88, Parcela 588. -----

Polígono 99, Parcela 602, no lugar do Río, Concello de Pereiro de Aguiar. Estrema: norte con Polígono 88, Parcela

IV7103338

02/2025



9016; sur, leste e oeste Polígono 99, Parcela 346. -----

(...)

2.- O inmovible incorpórase ao patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia por tempo indefinido, para a destinalo a viveiro forestal coa consecuente adscrición á Consellería do Medio Rural. -----

3.- A adquisición do dereito de uso formalizarase en escritura pública, correspondendo ao cesionario os custos de outorgamento, sendo os demais gastos e impostos derivados da transmisión conforme ao disposto na normativa vixente. -----

4.- A Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio adoptará todos os actos e medidas necesarios para a efectividade desta Orde”. -----

Eu a Notario comprobo a autenticidade da citada Orde mediante a seu correspondente Código Seguro de Verificación, que consta nela, e fago traslado a papel da mesma para incorporar a esta escritura. -----

VI.- OUTORGAMENTO. -----

PRIMEIRO. CESIÓN DE DEREITO DE USO. -----

A “COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN

MAN COMÚN DA DERRASA, SANTA MARTA, CASMARTIÑO, CASPIÑÓN, O OUTEIRO, BOEIROS, CEBREIROS, CORTIÑAS, O PEREIRO DE ALÉN E VILAR”, aíqui representada polo seu Presidente, don Emilio Pato Dopazo CEDE por **tempo indefinido** á **COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**, representada neste acto pola xefa de sección do Servizo de Administración e Xestión Patrimonial, da Consellería de Facenda e Administración Pública, dona Desi Rey González, que **ACEPTA**, o **USO** de cento nove mil metros cadrados (**109.000 m²**) dun terreo que, segundo resulta da orde da Consellería de Facenda e Administración Pública mencionada no anterior expositivo V, atópase dentro do “Monte Veciñal en Man Común de Chairas”, pertencente á **COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DA DERRASA, SANTA MARTA, CASMARTIÑO, CASPIÑÓN, O OUTEIRO, BOEIROS, CEBREIROS, CORTIÑAS, O PEREIRO DE ALÉN E VILAR**. -----

Adxúntase así mesmo, **para incorporar á presente, plano xeneral do Viveiro da Chaira, no que se identifica a superficie obxecto de cesión**. -----

SEGUNDO. VALORACIÓN DO DEREITO DE USO. -----

Segundo resulta da documentación aportada e protocolizada na presente escritura, a cesión do terreo de cento

IV7103339

02/2025



nove mil metros cadrados (**109.000 m²**) por tempo indefinido, foi valorada na suma de **TRESCENTOS CINCUENTA E TRES MIL OITOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS E SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (€ 353.897,79)**. -----

TERCEIRO.- Fago constar eu, a Notario, que informei aos outorgantes dos Valores de Referencia obtidos na Sede electrónica do Catastro respecto dos bens obxecto da presente escritura, mediante senllas certificacións que **protocolizo**, da obrigación de liquidación do imposto correspondente en función dos devanditos valores e das responsabilidades tributarias no caso de que a autoliquidación non se axuste aos valores obtidos. -

CUARTO.- O inmovible cedido deberá destinarse a viveiro forestal, no que se realizarán actividades relacionadas coa investigación forestal e centro de divulgación de valores ambientais e forestais. -----

QUINTO.- Os gastos orixinados polo outorgamento da presente escritura serán satisfeitos, a saber: -----

- Os gastos da Notaría, serán asumidos pola cesionaria, é dicir, a COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.-----

- E os demais gastos e impostos derivados da

transmisión, conforme ao disposto na normativa vixente a día de hoxe. -----

Os comparecentes autorizan expresamente para que se remita copia simple da presente por correo electrónico a aquelas persoas que a Notario xulgue con interese. -----

Por expresa indicación dos interesados, previas as oportunas advertencias respecto diso, non procederei á presentación telemática desta escritura no Rexistro da Propiedade, nin por telefax, de acordo con o que dispón o artigo 249, número 2, do Regulamento Notarial. -----

----- **Protección de datos persoais** -----

Os datos persoais dos intervenientes serán tratados polo Notario autorizante, cuxos datos de contacto figuran no presente documento. -----

A finalidade do tratamento é realizar as actividades propias da función pública notarial, das que pode derivarse a existencia de decisións automatizadas, autorizadas pola Lei, levadas a cabo polas Administracións Públicas competentes, incluída a elaboración de perfís para a prevención e investigación en materia de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo. Igualmente, os datos serán tratados por Notaría para a facturación e xestión de clientes. -----

Para os efectos indicados, realizaranse as comunicacións de datos previstas na Lei ás Administracións Públicas

IV7103340

02/2025



competentes. -----

No caso de que se solicite, os datos persoais poderán ser utilizados para levar a cabo a xestión ou tramitación administrativa de documentos solicitada e sobre a base da relación contractual do encargo realizado. A subministración de datos para tal fin é necesario para a realización dos servizos encomendados. Neste caso, os datos persoais serán comunicados ás Administracións Públicas ante as que deba realizarse dita xestión ou tramitación. Adicionalmente, os datos serán comunicados ás entidades financeiras para a xestión de cobranzas. -----

Os datos serán conservados durante todo o tempo en que se manteña a relación contractual de prestación de servizos e, aínda despois, ata que prescriban as eventuais responsabilidades que se puidesen derivar da mesma e durante todo o tempo esixido pola normativa aplicable. -----

No caso de que facilitase os datos persoais dun terceiro, o cedente comprométese, baixo a súa exclusiva responsabilidade, a obter previamente o consentimento desa persoa para que os seus datos sexan tratados por Notaría, debendo informarlle de todo o

previsto nesta cláusula e no artigo 14 do Regulamento Xeral de Protección de Datos. -----

O Delegado de Protección de Datos é Picón E Asociados Avogados e os seus datos de contacto atópanse publicados en Notaría. Os intervenientes teñen dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais, a súa rectificación, a súa supresión, a súa portabilidade e a limitación do seu tratamento, así como opoñerse a leste. Fronte a calquera eventual vulneración de dereitos, pode presentarse unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, cuxos datos de contacto son accesibles en <http://www.aepd.es>. -----

Os interesados teñen dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais, a súa rectificación ou supresión, así como, nos casos legalmente previstos, á limitación do seu tratamento, a opoñerse ao mesmo e ao seu portabilidade. Ante calquera eventual vulneración dos seus dereitos, poden presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. ----

Fago as reservas legais oportunas, e, entre elas, as seguintes: -----

- A obriga da parte adquirente de presentar o presente documento a liquidación nas oficinas competentes, no prazo dun mes a partir da data desta escritura, e as responsabilidades previstas na lexislación fiscal en caso de non efectuar a presentación. -----



IV7103341

02/2025



- Que o ben obxecto desta escritura queda afecto, calquera que sexa o seu posuidor ou propietario, á responsabilidade de pago dos impostos que graven esta cesión, incluídos os resultantes da valoración diferente atribuída pola Facenda Pública, se a houbese e procedese; faise constar expresamente que o valor que consta na presente escritura foi fixado e consignado por exclusiva e expresa vontade do outorgante, quen previamente ao outorgamento tivo en consideración a incidencia nos impostos directos, sendo coñecedor da mesma. -----

Leo esta escritura aos comparecentes, pola súa elección, unha vez advertidos do seu dereito para lela por si, ao que renuncian; manifestan, despois de preguntarlles expresamente, non ter dúbidas sobre o contido desta escritura, facendo constar quedar debidamente informados do mesmo; e, decatados do seu contido, segundo din, pola lectura e as miñas explicacións, atópana conforme, apróbana e firman comigo, a Notario, que, de identificalos polos seus documentos de identidade apuntados, de que ao meu xuízo teñen capacidade e lexitimación para este outorgamento, de que o presente outorgamento se adecua á

legalidade e á vontade libre e debidamente informada dos outorgantes, prestan libremente o seu consentimiento.-----

E de que a presente escritura, cuxa expresión informática queda incorporada coa mesma data e baixo o mesmo número, no correspondente protocolo electrónico, queda estendida en dez folios de papel timbrado exclusivo para documentos notariais, o presente e os nove anteriores correlativos en orde, e un máis, o seguinte correlativo en orde ao presente, que se incorpora ao obxecto de recoller os elementos de autorización, eu, a notario, DOU FE. Están as sinaturas dos comparecentes. Signado, asinado e rubricado: MARÍA TERESA FERNÁNDEZ CARRERA. Está o selo da notaría. -----

NOTA.- Este folio incorpórase ao matriz número 2.115/2025 para recoller os elementos de autorización. DOU FE. María-Teresa Fernández Carrera.= Rubricado. -----

DILIXENCIA DE PRESENTACIÓN NA OFICINA VIRTUAL DE ATRIGA. Que estendo eu, Notario autorizante para facer constar que o día trinta de outubro de dous mil vinte e cinco, por VÍA TELEMÁTICA, enviei á Xunta de Galicia, COPIA SIMPLE ELECTRÓNICA da presente escritura. Dou fe.= Signado, asinado e rubricado: MARÍA TERESA FERNÁNDEZ CARRERA. Está o selo da notaría. -----

-----SEGUEIXEN DOCUMENTS UNITS-----



VIVEIRO DO SERVIZO DE MONTES E I.F. (OURENSE)

Nº DE REXISTRO E-II-32-3178

PARCELA I

UBICACION : PEREIRO DE AGUIAR

SUPERFICIE:10.9 HA.

PERÍMETRO:1534 M

ALTURA SOBRE O NIVEL DO MAR: 431 M



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de
Montes e Industrias Forestais

SERVICIO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

ESCALA 1:2000

30 0 30 60 METERS

LEND

- TUBERÍA SUBTERRÁNEA
- EDIFICACIÓN
- LIÑA ELÉCTRICA
- ESTANQUES
- PARCELAS

COORDENADAS UTM

MAIO DE 2005

O ENXEÑEIRO TÉCNICO TOPÓGRAFO

ASDO.: GUMERSINDO A. VALDÉS PEÑA